

Camiños da Franqueira. 3

O camiño da Esperanza

Santa María de Paraños á Franqueira (4 Km)

Benqueridos amigos, esta nova iniciativa quere ser unha resposta ás inquedanzas de moitos peregrinos que acoden á Franqueira e que queren coñecer un pouco máis a súa historia. Este terceiro camiño que sinalamos, de xeito moi sinxelo, lévavos desde a parroquia de Santa María de Paraños ata a Franqueira. Este camiño chamarémolo “Camiño da Esperanza”. A razón é que a patroa da parroquia de paraños é a Virxe da O, ou da Expectación, ou da Esperanza, é a Virxe María na Expectación do parto. A súa celebración é o 18 de decembro, 7 días antes do Nacemento do Noso Señor.

Pero antes de coñecer o itinerario, ¿qué necesitamos?.

1º: Calzado axeitado para camiñar e demais elementos, un bastón, ou un pao, gorra se fai sol ou chubasqueiro por se chove.

2º: Auga suficiente para todo o camiño, e se ides pasar parte do día, non está de máis levar algo xantar para repoñer forzas.

4º Chaleco reflectante

5º: O camiño a seguir está marcado con frechas de cor azul.

6º: Bo ánimo e apertura do corazón para renovar a fe.

Comezo. Dúas alternativas

1ª, desde a gasolinera.

Na estrada 120 en dirección Ponteareas- A Cañiza, antes de entrar na poboación atopamos o cemiterio á man dereita e a continuación a gasolinera. Xusto ó pasala, á dereita, hai un peto de ánimas. *(En fronte hai unha pequena fonte nunha árbore seca)* Nese lugar comezamos o camiño, á dereita, todo seguido pola pista asfaltada ata a fin chamado Margarida, onde hai preto unha fonte na que provervos. Entre as casas vedes un letreiro de madeira que pon “Camiño da Franqueira”.

2ª, desde o recinto de festas. Cotarel.

Para coñecer Paraños

Na estrada 120 en dirección Ponteareas- A Cañiza, pasada a gasolinera e o pobo, á man dereita está un miliario do vieiro da Franqueira e unha zona recreativa que é o recinto de festas. Entrando á dereita comezamos o camiño, hai unha praza cunha fonte de auga abundante. Este é o lugar onde se reúnen as imaxes que veñen da zona de Mondariz e que son recibidas por Paraños para, desde aquí, seguir camiño ó Santuario. Seguimos de fronte ata o cruce, á dereita está o lagar da cera, nós seguimos pola esquerda, cara ó cruceiro, un fermoso monumento de 1794. chegados ó cruceiro collemos á dereita ata a igrexa. Ó lado está o centro de interpretación da cera. Na porta tedes o teléfono para contactar para unha visita, evidentemente convén concertar con tempo, e se sodes peregrinos durante o día e con tempo. O camiño segue á esquerda pola parte de atrás da igrexa ata o fondo, onde se encontra xa coa entrada para a Franqueira á esquerda por unha canexa entre as casas.

Paraños- A Franqueira

Unha vez que comezamos o camiño, xa a poucos metros, atopamos o río Xabriña, non esquezades seguir as frechas azuis, porque as marcar de sendeirismo pertencen á ruta denominada “Camiño do Xabriña”, que vale a pena facer con tempo e para tomarse un día de excursión. Chegados ó río, cruzámolo e atopamos un muíño e unha zona recreativa. Agora xa comeza todo para arriba, lembrade que para chegar á Franqueira hai que coller fogos. Pasados varios cruces de camiño chegamos ó enlace da autovía, N. 559, tedes que cruzar, por favor con moito coidadiño. Enfronte está a entrada do camiño, a partir de agora estar moi atentos ós sinais, son moitas as pistas que hai polo monte, seguides as fretas azuis e non teredes perda. Un primeiro tramo é bastante costeiro, ten algo de pista asfaltada e chégase ata un lugar onde fixeron a tala de árbores, seguindo polo camiño xa nos metemos no bosque, onde atoparedes carballos, castiñeiros, piñeiros, acevo, etc. É case todo sombrío e tedes no medio do traxecto unha fonte con auga moi fresca. Nunha zona húmida está á beira do camiño unha cruz cunha lápida que lembra a unha peregrina, Marina, que faleceu neste lugar nunha das Romarías das Pascuillas. Xe queda moi pouco comézaa última costa, que non é pequena.

A entrada na Franqueira é polo alto dos Cruceiros. Fixarvos, que as frechas non van pola rúa asfaltada, senón que, entran no camiño vello, á esquerda, ó lado dunha casa grande de pedra. Este é o camiño vello que vos vai conducir á Fonte antiga, e de alí, ó Santuario.

O noso desexo é o de facer un pequeno servizo ó peregrinos da Virxe da Franqueira. Esperamos que estea adecuadamente explicada esta pequena guía, pero se tedes algunha dúbida podeades poñervos en contacto co Santuario.

986.69.79.68/
info@afranqueira.org

609.47.25.91,

Moitas gracias e bo camiño.



Oración para iniciar o camiño

Animados polo Espírito Santo digamos:

“Santa María, anima a nosa esperanza”

- Escollida polo Pai e limpa de pecado...
- Atenta á vontade de Deus...
- Pobre e humilde...
- Disposta a dicir sempre si a Deus...
- Muller do silencio e da escoita...
- Sempre dilixente ó servizo e á entrega...
- Alegre no Señor...
- Forte ante as dificultades e problemas...
- Entregada á oración...
- Modelo de esperanza...
- Nai do Salvador ...
- Valiente na persecución ...
- Reveladora da Verdade...
- Atenta ás necesidades...
- Xenerosa na Caridade...
- Nai desde a Cruz do teu Fillo...
- Confiada na Resurrección...
- Nai da Igrexa...
- Santa María, amparo da fe...
- Santa María, fortaleza na esperanza...
- Santa María, constancia na caridade..

Noso Pai,... Ave María,...Gloria ó...

Oración:

**Aquí nos tes, María, nosa Naiciña
coma Ti, queremos facer este camiño,
para ir ó encontro do Señor.**

**Danos a fortaleza e o ánimo para chegar ata o teu Santuario,
fainos vivir este día en fraternidade e alegría,
axúdanos a meditar a Palabra que Deus nos dirixe,
condúcenos ó manantial da misericordia
onde recibir o perdón dos nosos pecados,
alivia as dores dos enfermos e anciáns que lembramos,
une as nosas familias e fainos testemuñas do amor de
Deus.**

**Ti, peregrina coma nós, lévanos ó teu Fillo, que na unidade
do Pai e do Espírito, vive e reina, por sempre eternamente.
Amén.**